

A galería boirense La Doce participará na Semana da Arte de Madrid

- La Doce é a única galería galega seleccionada para **Hybrid Art Fair & Festival**, que se celebrará no Hotel Petit Santa Bárbara (Madrid) do 23 ao 25 de Febreiro.
- O proxecto de La Doce forma parte do programa xeral da feira, que conta nesta edición con 26 galerías que proveñen de países como Suíza, Alemaña, Italia, Reino Unido, Venezuela e España.

La Doce participa en Hybrid Art Fair & Festival 2018 convertendo a habitación 108 nun “velorio” a través das obras de Natasha Lelenco, Endika Basaguren, Luis Melón Arroyo e Luisa Álvarez.

Hybrid, é unha das feiras que se celebran na semana da arte en Madrid e centra aquelas propostas independentes de arte emerxente a nivel local e internacional, utilizando as habitacións do hotel Petit Palace Santa Bárbara como espazos de exhibición.

Seguindo esta particularidade da feira, a galería boirense realiza un comisariado no que a morte, a memoria, as cinzas, son abordados a través das propostas dos artistas seleccionados. Desta forma, prodúcese un diálogo entre diferentes formas de enfrontarse á morte e á vida dende a propia creación artística.

Luis Melón Arroyo leva tempo traballando co concepto de morte en España creando pinturas que son estatísticas, pero en Hybrid presentaranse tamén pezas que teñen que ver coa memoria dos nosos mortos. Endika Basaguren recorre ao concepto de reencarnación a partir das cinzas, na súa maneira de abordar unha práctica artística partindo dun pasado persoal. Pola súa banda Luisa Álvarez enfróntase á temática da morte desde un punto de vista irónico ao introducir pequenas doses de humor nas súas propostas de arte lumínico. E por último, Natasha Lelenco, presenta algunha das súas “iconas familiares” cos que revisa o relato familiar con peculiares figuras que conectan o sacro e o cotián.

La Doce participa ademais cun completo programa de actividades integrada na programación xeral da feira:

Venres 23 - 19:00-19:10 - Salón Santa Bárbara

La Doce presenta a performance *‘A historia da arte escríbese coas cinzas das obras de artistas mortos’* de Endika Basaguren.

Sábado 24 - 19.00-19:20 - H108 – La Doce

‘O gran Libro dos señores importantes’ Presentación de Natasha Lelenco

Domingo 25 - 12:00-12:20 - H108 – La Doce

Presentación da convocatoria *‘Residentes’* con María Magán

La Doce, espazo de arte en Boiro

O proxecto de La Doce nace da man de María Magán e Vicente Muñiz no ano 2015 coa idea de crear un espazo-taller de arte en Boiro. No seu curto percorrido acolleu máis de 15 exposicións, con artistas como Mauro Trastoy, Elia Núñez ou Juan Fontaíña.

Despois de formar parte da primeira experiencia do Espazo de Arte Contemporánea en *Culturgal, Feira das Industrias Culturais*, a participación en Hybrid supón a primeira aposta por difundir o seu proxecto nunha feira internacional.

O 25 de febreiro, ademais, dentro do programa da feira, presentará a súa primeira convocatoria “*Residentes*”, apoiado polo INJUVE co que se promoverán ata 6 residencias de creación artística na galería.

Para ampliar información e entrevistas:

Directora Galería:

María Magán: 649834412

Artistas participantes:

Natasha Lelenco: 625393857

Luís Melón Arroio: 625912026

Endika Basaguren: 650377639

Luisa Álvarez: 654514241

Cando? Do 23 ao 25 de febreiro de 2018. Venres 11:00 a 21:30 horas, Sábado 11:00 a 22:30 horas, Domingo 11:00 a 21:00 horas

Lugar: Hotel Petit Palace Santa Bárbara, Praza de Santa Bárbara 10, Madrid